



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coas Consultas sobre contido do Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Alto das Agrads II (concellos de Mazaricos, Muros e Carnota, A Coruña), promovido por Eurovento SLU, clave 2010/0236,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "*Documento de Inicio do Parque Eólico*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto afectaría directamente ós hábitats "4020 Daboecion cantabricae" e "91E0 Osmundo-Alnion" de conservación prioritaria na Unión Europea, e ademais podería afectar ós humidais inventariados "Braña do Alto da Medoña" e "Campo da Lagoa".
2. Que, de acordo coa documentación recibida e coas categorías contempladas na Directiva 2009/147/CE, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), o proxecto podería afectar a 8 especies catalogadas (*Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Milvus migrans*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Lanius collurio*, *Sylvia undata*)
3. Que no "*Documento de Inicio do Parque Eólico*" non se tiveron en conta as posibles afeccións a anfibios, réptiles e mamíferos.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Alto das Agrads (concellos de Mazaricos, Muros e Carnota, A Coruña), promovido por Eurovento SLU, clave 2010/0236:

1. Avalíe os posibles efectos sinérxicos e acumulativos co Parque Eólico Paxareiras II-A, do mesmo promotor e situado a menos de 2 km de distancia.
2. Avalíe os efectos sobre ós hábitats "4020 Daboecion cantabricae" e "91E0 Osmundo-Alnion" e sobre os humidais inventariados "Braña do Alto da Medoña" e "Campo da Lagoa", así como as posibles alternativas para minimizalos.
3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. Anfibios e micromamíferos: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxejas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Milvus migrans*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Lanius collurio*, *Sylvia undata* e quirópteros: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

- c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
4. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 25 de marzo de 2011